

Valentina Tereshkova

1937 -



Vivir na marxe da morte e das estrelas é unha vibración máis tensa do que as veas poden soportar.

Clarece Lispector

Primeira muller en viaxar ao espazo, seleccionada grazas a que era unha das mellores paracaidistas rusas. Absolutamente soa, puido contemplar un novo amencer cada hora e media. Conseguiu ao aos seus 26 anos, dando 48 voltas arredor da Terra durante 3 días (1963). Incansábel loitadora do movemento feminista soviético, non puido impedir a clara utilización propagandística das mulleres na "carreira espacial".

Fotografía de dominio público. Valentina Tereshkova. Selo de 1963. Cortesía de ArtMechanic (Wikimedia Commons User). Imaxe do espazo cortesía de NASA Johnson Space Center (NASA-JSC)

setembro

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
					2002 Á palista galega Teresa Portela, Medalla de Ouro no Mundial de Sevilla.	1838 Nace Lydia Liliuokalani, derradeira raíña de Hawaí.
3	4	5	6	7	8	9
1992 Morre Bárbara McClintock, Nobel de Fisioloxía e Medicina. "Xenes intercambiábeis".	1995 Iníciase en Beijing -China-, a 4ª Conferencia Mundial sobre a Muller.	Día da Muller Indixena. Aniversario do asasinato de Bertolina Sisa.	1921 Nace Carmen Laforet. 1º Premio Nadal pola súa novela "Nada" (1945).	1955 Promúlgase no Perú a Lei do Sufraxio Feminino.	1990 Gabriela Sabatini gaña o US Open, o seu primeiro título de Grand Slam.	1908 Nace Aurora Reyes. 1ª muller muralista mexicana. Sindicalista e sufragista.
10	11	12	13	14	15	16
1990 Publicase "Textos y espacios de mujeres", de Mª Milagros Rivera Garretas.	1997 Pasamento de Ana Ros Miragall, mestra, escritora, sindicalista e feminista.	1991 Tres mulleres crean a editorial horas e Horas.	1988 Morre Mª Teresa León, escritora republicana comprometida contra a guerra.	1927 Morre Isadora Duncan, renovou o ballet clásico. Precursora da danza moderna.	1945 Nace Carmen Maura, actriz.	1851 Nace na Coruña, Emilia Pardo Bazán, escritora, xornalista e corresponsal
17	18	19	20	21	22	23
2000 "Isue" de Mercedes Peón, mellor disco do ano segundo Koldworld	1905 Nace Greta Garbo, actriz. "A tentadora" (1926). "O Demo e a Carne" (1927).	1977 Constitúese a Asociación de Mulleres nicaraguanas "Luisa Amanda Espinoza".	1980 Mª Xosé Queizán publica "Recuperemos as mans".	1916 Nace Françoise Giroud. Primeira Ministra Francesa de Asuntos da Muller.	1960 Falece Melanie Klein, unha das máis importantes psicoanalistas do século XX.	Día Nacional Arxentino dos Dereitos Políticos das Mulleres.
24	25	26	27	28	29	30
1985 1ª volta ao mundo en bicicleta dada por unha muller. Durou 15 meses.	1896 Nace Elsa Triolet, escritora rusa. Exiliada antizariata.	1981 Nace Serena Williams, tenista estadounidense. Campioa de Wimbledon 2003.	1871 Nace Grazia Deledda, escritora italiana. Nobel de Literatura (1926).	Día de loita pola despenalización do aborto.	En todo o ano, "Mulleres de Negro" denuncian os crimes de guerra contra as mulleres	1980 Nace Martina Hingis, tenista suíza nacida en Eslovaquia. Varios anos nª1 do Ranking Mundial Feminino.

Mulleres Que Tocaron O Ceo

Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012

